



MOCIÓN DE URXENCIA

CONDENA DO ATAQUE MILITAR A IRAQ

Diante do ataque militar dos Estados Unidos de América, e outros países seguidistas, contra Iraq; o Concello de Vilagarcía de Arousa fai o seguinte pronunciamento público:

1 O Concello de Vilagarcía de Arousa expresa a súa repulsa, rexeitamento e condena do ataque militar contra Iraq, por consideralo inxusto, inmoral e contrario ós principios da legalidade que deben rexer as relacións internacionais e o respecto ós dereitos humanos e dos pobos.

2 Este ataque militar decidido de maneira unilateral polo goberno dos Estados Unidos, co apoio seguidista e servil dos gobernos español e británico, supón unha grave violación do dereito internacional e o inicio dunha escalada belicista que está supeditada única e exclusivamente ós fins imperialistas do goberno dos Estados Unidos, un acto de violencia desmedida e criminal que está a causar o éxodo masivo da poboación iraquina, o sufrimento e a morte de milleiros de persoas inocentes, e que terá gravísimas consecuencias para a paz e a convivencia tanto na rexión como no conxunto do planeta.

3 A acción militar iniciada polos Estados Unidos representa polo tanto o triunfo da violencia e da barbarie sobre os principios do diálogo, a convivencia e a igualdade que deberían caracterizar a actuación de gobernos autodenominados “democráticos”, e que deberían rexer as relacións internacionais e a convivencia entre os pobos.

4 O Concello de Vilagarcía de Arousa expresa ademáis a súa firme e decidida repulsa pola actuación do goberno español neste conflito, polo seu apoio sumiso e servil ás decisións do goberno dos Estados Unidos, alentando a apoiando a decisión dun ataque militar unilateral e ilexítimo fronte á apostas polas vías diplomáticas e pacíficas defendidas pola maioría dos outros países, especialmente polos da Comunidade Europea. Ademáis, rexeitamos a colaboración do Estado español no dispositivo militar de ataque a Iraq e o envío de forzas militares á zona, lamentando moi especialmente que un dos buques de frota leve o nome de “Galicia”, toda vez que a cidadanía de Vilagarcía, de Galicia, do Estado español e mesmo de todo ámbito planetario ten expresado clamorosamente: “**Guerra, non... non, no noso nome**”.

Vilagarcía 27 de marzo de 2003

Xosé Castro Ratón

Voceiro

SR. ALCALDE – CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA